Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500

CIRCULAR 201-2026.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS SUB 23 E MÁSTER

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 9 e 10 de xaneiro en Expourense (Ourense), os Campionatos Xunta de Galicia de Probas Combinadas Sub 23 e Máster.

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza en vigor.

- Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2026, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo de unha carreira, un salto e un lanzamento.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina https://atletismorfea.es/user/login-registro con límite ata as 23:45 horas do luns 28 de decembro.

- Serán válidas as marcas realizadas na tempada 2026.

Art.4).- Comunicación de baixas.

- Serán remitidas a servizos@atletismo.gal
- O prazo ordinario de comunicación rematará ás 14:00 horas do mércores 30 de decembro.

Art.5).- Liñas de batida.

- Nas combinadas máster permitirase a colocación dunha liña de batida a maiores da oficial de 3 metros.

Art.6).- Cadencias nos saltos verticais.

- Publicaranse as cadencias unha vez coñecida a participación final.

Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.8).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.

Art.9).- Cámara de chamadas.

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas na primeira proba de cada xornada provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Valos	7'
Concursos	25'

Art.10).- Horarios.

- Publicaranse unha vez pechado o prazo de comunicación de baixas.

Previsión		
Mulleres	Sub 23	Domingo
	Máster	Domingo
Homes	Sub 23	Sábado e Domingo
	Máster	Sábado

Art.11).- Os/as tres primeiros/as atletas Sub 23 e de cada categoría Máster, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a servizos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10 € por atleta.

- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.

- Falta de veracidade nas marcas de inscrición ou nas observacións enviadas á FGA: 6 € por atleta.

Art.13).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 26 de novembro de 2026

GONZALEZ FERNANDEZ YOLANDA - 32663747K
Firmado digitalmente por GONZALEZ FERNANDEZ YOLANDA - 32663747K
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES, serialNumber=IDCES-32663747K, givenName=YOLANDA, sn=GONZALEZ FERNANDEZ, cn=GONZÁLEZ FERNANDEZ YOLANDA - 32663747K
Fecha: 2026.11.26 20:24:35 +01'00'

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo